

PROVIDENCIA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATO DE SERVICIOS

Expediente N°: 2018/C004/0000012

Procedemento: Contrato de servizo por procedemento aberto simplificado.

Servizo: “SERVIZO DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA DA OFICINA DO ARRU (PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL 2018-2021)”.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1- Necesidade do contrato. (art. 28 e 116.e LCSP).

De conformidade co artigo 28 da Lei de Contratos do Sector Público, a natureza e extensión das necesidades que se pretenden satisfacer co contrato que se pretende tramitar, así como a idoneidade do seu obxeto e contido para satisfacelas, especificanse e xustifícanse nos pregos de prescricións técnicas.

2- Obxeto do contrato.(art. 99 LCSP)

Prestación do servizo de transporte e recollida de residuos voluminosos, cun orzamento base de licitación anual total de 26.000 € IVE incluído, cunha duración de tres anos e prorrogable por un ano máis, ata un máximo de catro anos en total.

3.- Non división en lotes do obxecto do contrato (art .99 e 116 LCSP)

De conformidade co artigo 99.3 da LCSP, xustifícase a non división en lotes polos seguintes motivos válidos:

- A división en lotes suporía un retraso na adxudicación dos investimentos, e polo tanto na súa execución.
- Coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese a coordinación da execución das prestacións.
- Coa división en lotes do obxecto do contrato se incrementan os custes de execución pola existencia dunha pluralidade de contratistas diferentes, e incrementaríase o número de expedientes que o concello tería que realizar, co conseguinte custo de tempo e de recursos persoais e materiais.

4.- Valor estimado do contrato.

O valor estimado do contrato ascende á contía de 82.160,00 euros, desagregados da seguinte forma:

Primeira anualidade: 20.540 euros

Segunda anualidade: 20.540 euros

Terceira anualidade: 20.540 euros

Prórroga prevista: 20.540 euros

5.- Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

O presente contrato conta coa correspondente consignación orzamentaria no presuposto de 2018, prorrogado de 2017, para facer fronte ao gasto. En base ao contido do contrato séguese a inexistencia de efectos económicos futuros como consecuencia do mesmo, en consecuencia considerase que non incumpre os principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira esixidas no artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

6.- Elección do procedemento de licitación (art. 116.4.a LCSP)

O expediente de contratación será tramitado de forma ordinaria utilizándose o procedemento aberto simplificado (art. 159), con varios criterios de avaliación ao amparo do disposto nos arts. 131 e 159 da LCSP.

7.- Medios de acreditar a solvencia técnica, económica e financeira (art. 116.4.b LCSP):

O licitador que presente a mellor oferta deberá acreditar a solvencia económica e financeira e técnica ou profesional mediante calquera dos medios que especifiquen os pregos de cláusulas administrativas particulares.

8.- Cualificación do contrato.

Á vista do establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, a cualificación do contrato é:

- Contrato de servizos

9.- Informe de insuficiencia de medios.

De conformidade co artigo 116 da LCSP, xustifícase adecuadamente a insuficiencia de medios mediante informe incorporado ó expediente redactado pola arquitecta técnica municipal en data 27 de novembro de 2018.

Polo exposto, dispoño:

- Incorpórese o prego de cláusulas administrativas particulares.
- Emítase, previos os trámites pertinentes, informe pola interventora municipal sobre a existencia de crédito e fiscalización do gasto.
- Emítase informe polo secretario da corporación sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Mugardos, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa.